

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 25/3024

Feitos

Con data do 30 de abril do 2025, este servizo de persoal docente e investigador recibe comunicación de que os seguintes membros da comisión de selección da praza 25/3024, de profesor/a axudante doutor/a do departamento de Pedagogía e Didáctica (convocada por Resolución reitoral do 29 de xaneiro do 2025), incorren en conflito de intereses, dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos, con algunha das persoas candidatas:

Martínez Román, Rosana: vogal 2ª titular
Vargas Callejas, Germán: vogal 3º titular
Varela Crespo, Laura María: vogal 1ª suplente
Cid Fernández, Xosé Manuel: vogal 3º suplente

Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.12 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024, establece que os membros das comisións deberán renunciar a formar parte da comisión cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no dito apartado, con algunha das persoas candidatas. No presente caso a causa alegada xustifica a substitución dos/das mencionados/as vogais.

Por outra banda, o artigo 6.3 da citada normativa establece que as comisións de selección estarán compostas cando menos por tres membros titulares e outros tres suplentes alleos á Universidade da Coruña (UDC), elixidos por sorteo público a partir dunha lista cualificada de profesorado e persoal investigador elaborada polo departamento.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo co indicado, dispón as seguintes substitucións:

Vogal 2ª titular: substitúese pola vogal 2ª suplente, dona María del Carmen Agulló Díaz, profesora titular de universidade da Universidade de Valencia.

Vogal 3º titular: substitúese por don Antonio García Vinuesa, profesor axudante doutor da Universidade de Santiago de Compostela.

Vogal 1ª suplente: substitúese por dona María Dolores Dapía Conde, profesora titular de universidade da Universidade de Vigo.

Vogal 2ª suplente: substitúese por dona Rita Gradaille Pernas, profesora titular de universidade da Universidade de Santiago de Compostela.

Vogal 3º suplente: substitúese por don Pablo Ángel Meira Cartea, profesor titular de universidade da Universidade de Santiago de Compostela.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández